

DOMINGO 30 ORDINARIO CICLO B

PRIEMIRA Xer 31, 7-9

Congregarei a cegos e coxos

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE XEREMÍAS

Así fala o Señor:

- Aclamade a Xacob con gritos de alegría,
gritádelle á primeira das nacións.
Pregoade, louvade, clamade:
"Salva, Señor, o teu pobo,
salva o resto de Israel".
Vede: vounos traer do país do norte,
vounos reunir desde os cabos do mundo.
Entre eles haberá cegos e coxos,
a que está en cinta xunto coa parida,
volverán en enorme multitude.
Velaí, chegarán chorando;
pero entre aclamacións de agradecemento,
heinos conducir, heinos levar aos regueiros de auga
por un camiño seguro onde non han tropezar.
Si, volvereime pai de Israel,
e Efraím será o meu primoxénito.

SALMO RESPONSORIAL Sal 125, 1-2ab. 2cd-3. 4-5. 6

R/ (3): O Señor fai connosco cousas grandes, estamos cheos de alegría.

Cando vire o Señor a sorte de Sión,
estaremos coma en soños.
Teremos a boca chea de risos
e a lingua de cantares.

Os pagáns dirán entón:
-"O Señor fai con eles cousas grandes".
O Señor fai connosco cousas grandes,
estamos cheos de alegría.

Vira, Señor, a nosa sorte,
coma os regatos no deserto.
Os que entre bágoas sementan,
entre cantares recollen.

Cando van, van chorando
os que levan a semente.
O viren, veñen cantando
os que traen os monllos.

SEGUNDA Heb 5, 1-6

Ti es sacerdote para sempre, á maneira de Melquisedec

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA ÓS HEBREOS

Todo Sumo Sacerdote escóllese sempre entre os homes e se constitúe Sumo Sacerdote para o ben dos homes nas súas relacións con Deus, a fin de que ofrezca oblacións e sacrificios polos pecados. É capaz de tratar con indulxencia os ignorantes e os descamiñados, porque tamén el está rodeado de fraquezas. Por mor destas fraquezas ten que ofrecer sacrificios polos pecados, tanto polos pecados do pobo coma polos seus propios pecados. Ora, ninguén pode coller en por si este honor, senón que hai que ser chamado por Deus, como foi chamado Aharón.

Do mesmo xeito, tampouco Cristo non procurou a súa gloria facéndose Sumo Sacerdote, senón que lla procurou o que lle dixo:

"Ti es o meu Fillo, hoxe enxendrite Eu".

Entendido conforme o que di noutro sitio:

"Ti es sacerdote para sempre, á maneira de Melquisedec".

ALELUIA Cf. 2 Tim 1, 10:

O noso Salvador Xesús Cristo destruíu a morte e iluminou a vida por medio do Evanxeo

DOMINGO 30 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Mc 10, 46-52

¡Mestre, que vexa!

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela chegou Xesús a Iericó. Cando saía cos seus discípulos e outra moita xente, Bartimeo, o fillo de Timeo, un cego pobre de pedir, estaba sentado a carón do camiño. Oíndo que pasaba Xesús o Nazareno, empezou a berrar:

- ¡Xesús, Fillo de David, ten piedade de min!

Moitos mandábano calar; pero el berraba aínda máis alto:

- ¡Fillo de David, ten piedade de min!

Deténdose Xesús, dixo:

- Dícidelle que veña aquí.

E chamaron polo cego, dicíndolle:

- ¡Veña, érquete, que te chama!

El, ceibándose do manto, veu dando brincos ata onde estaba Xesús. Este preguntoulle:

- Que queres que che faga?

O cego respondeu:

- Mestre, que volva a ver.

Xesús díxolle:

- Vai, salvoute a túa fe.

E no instante comezou a ver, e seguiu polo camiño.